

**SOLICITUDE DE USO DAS PISTAS DE ATLETISMO DO ESTADIO MUNICIPAL
VERÓNICA BOQUETE DE SAN LÁZARO - PROTOCOLO COVID-19 - "INDIVIDUAL"**

D./D^a. _____ maior de idade,

con DNI nº _____, domicilio en _____, CP _____,

localidade _____ e teléfono/-s nº _____

Nº Licenza federativa _____ club ao que pertence _____

SOLICITO o uso das **pistas municipais de atletismo** para adestramentos, de acordo cos datos que se indican no cuestionario que se achega, comprometéndome ao bo uso da instalación, así coma ao cumprimento das normas reguladoras da mesma.

Declaro baixo a miña responsabilidade que son coñecedor de:

- Que o uso limitárase ás PISTAS DE ATLETISMO, non podendo utilizar o céspede do campo de xogo para lanzamentos, carreiras ou calquera outra actividade deportiva.
- Que é recomendable realizar un recoñecemento médico previo co fin de garantir unha práctica deportiva segura.
- Que o Concello de Santiago declina toda responsabilidade das lesións que puideran producirse derivadas da práctica deportiva. Enténdese que no momento de facer uso da instalación os usuarios manifestan estar aptos para realizar actividade físico-deportiva. Os accidentes ou lesións que se ocasionen serán asumidos polos seus respectivos seguros particulares.
- Que o Concello de Santiago non se fai responsable dos obxectos extraviados, sustraídos ou esquecidos nos vestiarios ou no interior da instalación. Recoméndase non introducir no recinto obxectos de valor.
- Que coñezo o protocolo de volta á actividade deportiva nesta instalación e o compromiso ao seu cumprimento de forma exhaustiva.
- Así mesmo declaro que accederei ás instalación coas medidas de protección e que as utilizarei sempre que a práctica deportiva o permita, e que cumprirei as normas de utilización das instalación que marca o protocolo da instalación para cada un dos espazos.
- Declaro que a pesar da existencia de un protocolo de volta a actividade, son consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva nunha situación pándemica como a actual.
- Declaro que non padecín ningún síntoma do Covid-19 nos últimos 14 días (febre, cansanzo, tose seca, dificultade para respirar...)
- Que avisarei de forma inmediata ao Departamento de Deportes do Concello si algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en COVID-19 para que se poidan tomar as medidas oportunas.

A sinatura acretida estar conforme, e a aceptación das normas de utilización das instalación

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2020

Sinatura do solicitante

En cumprimento do disposto no art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, infórmase dos seguintes aspectos relacionados co tratamento dos datos persoais que nos proporciona:

a) RESPONSABLE DE TRATAMENTO: O Responsable do Tratamento é o Concello de Santiago de Compostela, con CIF P1507900G e enderezo na Praza do Obradoiro 1, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña). O contacto co delegado de protección de datos é dgd@santiagodecompostela.gal.

b) FINALIDADE: Os datos persoais facilitados serán tratados e utilizados para fins deportivos e outros actos de carácter protocolario e social organizados ou xestionados polo Concello.

c) LEXITIMACIÓN: A base legal do citado tratamento pode estar fundamentada no cumprimento dunha misión realizada en interese público (art. 6.1 RGPD) ou no seu consentimento, neste caso, pode vostede retiralo en calquera momento.

d) COMUNICACIÓN DE DATOS: Tamén lle informamos que os datos que nos proporciona, poden ser comunicados a outras administracións públicas, como poden ser Administración tributaria, Organismos da Seguridade Social, rexistros públicos, ou outros órganos da Administración local, autonómica ou estatal.

e) CONSERVACIÓN: Os seus datos trátanse durante o tempo necesario para levar a cabo a actividade concreta, unha vez finalizada conservaranse durante os prazos de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

f) DEREITOS: En calquera momento pode exercer os dereitos de acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos dereitos poderá exercelos presentando unha solicitude a través do Rexistro xeral do Concello de Santiago de Compostela na rúa do Presidente Salvador Allende 4, 15705 Santiago de Compostela.

Igualmente ten vostede dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos (AEPD).

CUESTIONARIO A FORMALIZAR POLO SOLICITANTE

1) DÍAS QUE SOLICITA:

Venres día:

* 5 de xuño de 2020

* 12 de xuño de 2020

* 19 de xuño de 2020

* 26 de xuño de 2020

2) QUENDA PREFERENTE:

* De 17,00 a 18,30 h.

* De 19,00 a 20,30 h.

* De 21,00 a 22,30 h.

Importante:

No caso de non poder dar cabida no horario solicitado o Departamento de Deportes poderá propor un alternativo, sempre e cando exista dispoñibilidade.

Documentación:

Esta solicitude acompañarase da fotocopia do DNI do solicitante e da licenza federativa en vigor.

OBSERVACIÓNS:
